



# sto. andré Xeve



Plano da futura Alameda do Campo da Bouza

## Sto. André mellora co Bloque

► *O Campo da Bouza mudará de aspecto para transformarse nunha área de ocio*

A transformación paulatina das parroquias pontevedresas ten un bo exemplo en Santo André de Xeve, onde o Goberno municipal, a través do BNG, ten mellorado estradas, camiños e espazos públicos. Os seus veciños e veciñas ven aumentados os servizos que se lles prestan e, por conseguinte, a súa calidade de vida.

Un destes exemplos é o proxecto de tratamento integral do Campo da Bouza, coa

fonte e o lavadoiro. Esta zona presenta nestes momentos un aspecto de certo deterioro. Existe unha pista de baloncesto incompleta e unha fonte que, a pesar da súa antigüidade, nunca tivo auga.

A intención do BNG, en palabras do concelleiro Miguel Vázquez Plaza, é transformar este espazo na **verdadeira alameda de Santo André de Xeve**, nunha área de ocio para o disfrute dos veciños e veciñas. O proxecto xa está redac-

tado e inclúe a transformación completa do espazo, co cambio de ubicación da fonte e a dotación de auga, co nivelado do terreo e a construción dun muro de contención para eliminar as pendentes e incluso co rareo da vexetación existente para favorecer o uso da área e mellorar a súa imaxe. Grazas a esta obra, os veciños de Santo André gañarán un novo espazo público para o seu disfrute.